

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**1276** *Real decreto 2006/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.*

A aprobación do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas, tivo como finalidade reducir o risco de accidentes que, debido a un posible uso inadecuado, puideren sufrir tanto os bañistas como os que as utilizaban en augas marítimas españolas. Para iso establecéronse as medidas de seguridade apropiadas para o seu goberno, reguláronse as modalidades da súa utilización, fíxose a titulación que se debía exixir e as regras necesarias para a súa matriculación.

Os requisitos establecidos e as medidas adoptadas no Real decreto 259/2002 tiñan como obxectivo principal tutelar a seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar, con fundamento nos artigos 6 e 74 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Entre as modalidades de utilización dos ditos artefactos encóntrase o seu aluguer. O artigo 7 do citado real decreto regula os requisitos que deben reunir as empresas que queiran establecer un negocio de aluguer de motos náuticas por horas ou fracción de horas.

A concreta modificación do Real decreto 259/2002 que se vai operar mediante este real decreto afecta o primeiro parágrafo do artigo 7.2.g) e consiste en eliminar a exigencia de que os monitores estean adscritos á federación de motonáutica da comunidade autónoma correspondente.

Isto responde á finalidade de non frustrar as lexítimas expectativas de quen vai explotar un negocio de aluguer de tales artefactos, que se poderían ver defraudados de se dar o caso de non existiren nese momento monitores que cumprisen os estritos requisitos de adscrición que se impoñían no artigo 7.2.g).

O cambio que se introduce mediante este real decreto supón a flexibilización do dito requisito e a adecuación del precepto modificado do Real decreto 259/2002 á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

A Comisión Nacional da Competencia, o Ministerio de Economía e Facenda e o Ministerio de Política Territorial emitiron informe favorable sobre a norma.

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial establecido no 149.1.20ª da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante, exercida polo actual Ministerio de Fomento, nos termos que recolle o artigo 86 en relación co artigo 6.1 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.*

O Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas, queda modificado como segue:

Un. O parágrafo primeiro da letra g) do número 2 do artigo 7 do Real decreto 259/2002 queda redactado nos seguintes termos:

«g) Dotación mínima de persoal de dous monitores de motonáutica, dos cales un efectuará desde a plataforma o control das motos náuticas alugadas e o outro estará na embarcación de control. Cada monitor-controlador supervisará un máximo de catro usuarios e a empresa deberá contar con monitores-controladores suficientes para os usuarios que haxa en cada momento.»

**Disposición derogatoria.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20ª da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

**Disposición derradeira segunda.** *Habilitación normativa.*

O ministro de Fomento ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ BLANCO LÓPEZ